



Día do Biólogo

→ O vindeiro mércores día 16 de maio celebraremos o Día do Biólogo, no Pazo de Adrán (a cinco minutos de Santiago). Será de novo unha reunión para reencontrarnos, coñecernos, compartir impresións e experiencias dentro e fóra da profesión.

Ademais, será momento para agasallar aos colexiados que levan 25 anos ou máis no Colexio. O acto inclúe os nomeamentos de Biólogo, Empresa, Institución do Ano e Membro de Honra.

Programa:

http://www.biologosdegalicia.org/pdf/Programa_dia_do_biologo_2018.pdf

Proclamación Resultados Biólogo, Empresa/Institución do Ano e Membro de Honra

A Xunta de Goberno informa que ao remate do prazo de presentación de candidaturas, só se presentou unha para as categorías seguintes, todas suficientemente motivadas:

- Bióloga do Ano: D^a María Alicia Carolina Estévez Toranzo
- Empresa/Institución do ano:

Na modalidade de gran empresa: Estrella Galicia.

Na modalidade de Media/pequena institución: Fundación Paideia-Galiza

- Membro de Honra: D. Emiliano Aguirre Enríquez.

Polo tanto, quedan proclamadas ditas candidaturas. As distincións correspondentes lles serán entregadas no transcurso dos actos do Día do Biólogo.